

BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE **UN CAPATAZ, UN PEÓN CONDUCTOR E TRES PEÓNS** DA BRIGADA DE VIXILANCIA, PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PORTO DO SON PARA PARTICIPAR NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

1º. - As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento selectivo para a formación dunha listaxe para as contratacións laborais temporais de **un capataz, un peón condutor e tres peóns** da brigada de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais, en relación ao convenio único de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural o Concello de Porto do Son para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-202.

Asemade, co listado formarase unha bolsa de emprego. O emprego desta bolsa levarase a cabo tanto para aquelas contratación de carácter temporal, tanto de persoal laboral (non será aplicable para a cobertura daqueles postos de persoal laboral cando a praza se atope vacante e non poida ser cuberta por outro persoal laboral de carreira do concello) como persoal funcionario interino (neste último caso só para os supostos do artigo 10.1 b/ c/ d/ do RDLex 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público). Terá unha vixencia ata o 29/08/2023.

O obxecto desta contratación é actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo, colaborando na extinción de incendios forestais integrándose no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal onde se sitúe o concello.

Estas contratacións están condicionadas a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e a consecución dos medios técnicos e materiais necesarios para a prestación do servizo.

A natureza dos contratos será laboral temporal, a modalidade e duración determinarase para cada contratación en función das necesidades do servizo, coas retribucións segundo as valoracións realizadas cos mesmos criterios da RPT aprobada polo Pleno da Corporación en data 20 de setembro de 2018 e publicada no BOP nº 204 do 25 de outubro de 2018. Os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba. Son de aplicación as disposicións do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público no que atinxe ás especialidades do emprego público desta natureza, así como a normativa concordante. O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades previstas na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

2º.- Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por Lei se poderá establecerse outra idade





máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non achacarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- **Prazas de peón: estar en posesión de estudos de graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente.**
- **Praza de peón condutor: estar en posesión de estudos de graduado escolar, certificado de escolaridade ou equivalente e permiso de conducción tipo B.**
- **Para a praza de capataz (xefe de brigada), estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio rural ou formación profesional equivalente.**

Os requisitos para concorrer están referidos ó ultimo día de presentación de instancias.

3º. Publicidade da convocatoria. Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como **anexo 1** (accesible na web municipal www.portodoson.gal), no apartado de “emprego”.

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello de Porto do Son, de luns a venres (de 8:00 a 13:30 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco (5) días hábiles** dende o seguinte ao da publicación do anuncio no xornal.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no registro xeral do Concello, na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal/>, ou ben en calquera das formas establecidas no art. 16 da Lei 39/2015, do 26 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico: secretaria@portodoson.gal a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes,



Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar:

- a) **Fotocopia do DNI ou documento identificativo.**
- b) **Fotocopia dos títulos esixidos e permiso de condución.**
- c) **Fotocopia da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.**
- d) **Fotocopia do certificado que acredite, como mínimo, Celga 4 ou equivalente para a praza de capataz e o Celga 1 para a praza de peón condutor e peóns.**

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificadas documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo. Só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade no prazo de emenda de defectos formais.

NOTA.- Admítese para os efectos de acreditación da formación mínima requirida, a presentación de fotocopia da solicitude de expedición do título, se ben neste suposto débese acompañar da certificación académica de que se remataron os estudos correspondentes.

Para que teña validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo estenderase que os interesados aceptan e atacan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

4º.- Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal), apartado de emprego.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Posteriormente o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición, así como a composición do tribunal cualificador. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.portodoson.gal), apartado de emprego.



3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

5.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

Sistema de provisión: Concurso-oposición.

(Publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello e na web oficial do Concello: www.portodoson.gal, no apartado de emprego, a data en a hora e lugar de realización das probas).

1º Proba práctica: que consistirá en demostrar o manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolvera o traballo, así como as aptitudes profesionais, a desenvolver polos aspirantes, **puntuarase de 0 a 8 puntos**, sendo necesario acadar un mínimo de 4 puntos para superar a proba.

2º. Proba de coñecemento da lingua galega: As persoas que non puideran acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado da realización do CELGA 4 ou equivalente da lingua galega para a praza de capataz, e o CELGA 1 ou equivalente para a praza de peón condutor e peóns deberán realizar unha proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos. Esta proba cualificarase con APTO ou NON APTO.

3º. Recoñecemento médico e proba de esforzó físico, eliminatoria. Realizarase previamente á contratación do persoal integrante da brigada un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, segundo a recomendación técnica sobre procedementos para a selección de persoal para a extinción de incendios forestais onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e condición física do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

- Recoñecemento médico:

Capataces: farano as dúas persoas que obteñan maior puntuación na fase de proba práctica e de servizos prestados.

Peón Condutor: farano as dúas persoas que obteñan maior puntuación fase de proba práctica e de servizos prestados.

Peón: farano as catro persoas que obteñan maior puntuación na fase de proba práctica e de servizos prestados.

No caso de que un mesmo aspirante acade a puntuación suficiente para a realización do recoñecemento en máis dunha categoría, o número mínimo de aspirantes que debe realizar o recoñecemento médico será de 8 aspirantes.

-Proba de esforzo físico:

Realizarase unha vez superado o recoñecemento médico específico e tamén TERÁ CARÁCTER ELIMINATORIO.

4º. Servizos prestados na Administración ou na empresa privada no desempeño de postos de traballo de **capataz, peón condutor e peón de brigada de prevención e**



defensa contra incendios forestais, ata a data de publicación das bases, **acreditaranse** mediante **certificado de empresa ou certificado de servizos prestados/vida laboral (adxuntando contratos)**, non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días, puntuarase de 0,10 puntos por mes traballado ata un **máximo de 2 puntos**.

Valoraranse os méritos determinados que sexan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, esta resolverase pola puntuación obtida na proba práctica e se isto non fora suficiente de persistir o empate terán preferencia os candidatos que presentarán a súa solicitude por orde de entrada no rexistro

6.- Puntuación final.

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan maior puntuación. Co resto de solicitantes formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas ordenados de maior a menor en función da puntuación obtida. A duración desta bolsa comprenderá ata a finalización do contrato.

7.- Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son en horario de 8:30 a 13:30, **no prazo de 2 días hábiles**, dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro e na web municipal) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de non haber estado de alta en ningún réxime da S. Social, deberán entregar copia do número de afiliación a S. Social).**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude, para a súa comprobación.**

De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

8.- Normas finais.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, Texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria (que se publicará segundo se establece na Base 4ª), os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.



Sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web oficial do Concello (www.portodoson.gal), no apartado “emprego”. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten a aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso- administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso- administrativo será de seis meses contado dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

9.- BOLSA DE EMPREGO_

1.- A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o 29/08/2023 salvo que o concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

2.- Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos, así como a existencia de crédito orzamentario, procederase ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de un (1) día hábil dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

A notificación practicarase co interesado vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante dilixencia entendida ao efecto.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada nas bases 3ª, 4ª e seguintes, se non o fixese anteriormente, no prazo indicado naquela.





A renuncia, salvo que manifestase por escrito no prazo máximo dun (1) día hábil dende a notificación da oferta, ou á non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo, implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista. Os interesados da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude dirixida ao alcalde-presidente..

3.- Causas de exclusión. Serán motivos de exclusión dun/ha integrante da listaxe de substitución, salvo causa de forza maior ou causa debidamente xustificada e apreciada polo órgano de contratación os seguintes:

- a) Non aceptación da contratación ofertada.
- b) Non resposta dentro do prazo fixado, trala realización da chamamento.
- c) Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado/a.
- d) Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido, agás que fose declarado nulo ou improcedente.

Non obstante o disposto na paragrafo anterior respecto das causas de exclusión, aquela persoa que rexeite unha contratación ofertada, sempre e cando se conteste e xustifique en prazo, pasará ao último posto da listaxe de reserva.

O Alcalde
Asd.: jose Luís Oujo Pouso

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE





MODELO DE INSTANCIA.

D/Dña.....

con DNI número e domicilio a efectos de notificacións en

.....,

E teléfono.....correo electrónico.....

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a selección de: (sinalar a opción)

CAPATAZ

UN PEÓN CONDUTOR

TRES PEÓNS

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas Bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a Base 3ª da convocatoria:

- a) **Fotocopia do DNI ou documento identificativo.**
- b) **Fotocopia dos títulos esixidos e permiso de condución.**
- c) **Fotocopia da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.**
- d) **Fotocopia do certificado que acredite, como mínimo, Celga 4 ou equivalente para a praza de capataz e o Celga 1 para a praza de peón condutor e peóns.**

Por todo o exposto, SOLICITO:

SER ADMITIDO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA AS PRAZAS CITADAS ANTERIORMENTE, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PORTO DO SON.





En Porto do Son, ____ de _____ de 2020.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

